

Compostela, 24-X-59

Sr. Don Luis Seoane
B. Aires.

Querido Seoane:

Recibín o teu novo libro "Figurando Recuerdos" que tan gratamente arrequece a notabel serie de aportacións tuas á millor bibliofilia galega. Porque resulta que entre as numerosas - e todas fecundas - facetas da tua actividade creadora, unha das que non se poden esquecer é a orixinal e moi notabel aportación tua á revalorización do libro galego. Nunha futura historia de bibliografía e de bibliofilia galega, un dos capítulos máis interesantes será, por certo, o que obrigadamente se consagrará a estudar a aportación de Luis Seoane. Si, meu amigo. Son moitos e moi fermosos os libros que ti levar "presentado".

Estos, craro está, ademais dos que son integramente teus, tanto pola "presentación" como polo contido, como ocorre con iste que teño diante. No conxunto da tua obra resprandeece un maravilloso e titánico esforzo de re-creación da Galicia ausente. Ise heroísmo rememorativo ten moitos de patético, porque é coma se teimases encher o gran valeiro da ausencia co teu esforzo creador. No seu día - estou seguro - valorarase plena e rotundamente todo o inimitable e esforzado esforzo.

Recibe, coa máis cordial moraboa, unha aperta moi forte do teu amigo
Raimon Piniño